

Adegas Participantes

A CARQUEIXA	A CARQUEIXA-PROENDOS	LUCENZA	CORVELLE-PROENDOS
A MAN DE PRADO	BOLMENTE	MALCAVADA	ROSENDE
ALGUEIRA	DOADE	MARCELINO I	A CARQUEIXA-PROENDOS
BARBADO	PROENDOS	PETRÓN	DOADE
CIVIDADE	OUTEIRO-BOLMENTE	PROENCIA	SANXILLAO-PROENDOS
CRUCEIRO	VILACHÁ-DOADE	RECTORAL DE AMANDI	AMANDI
DON BERNARDINO	CIMA DE VILA-BROSMOS	REGINA VIARUM	DOADE
ESTRELA	VILACHÁ-DOADE	SOUTELO	LAMAS-BULSO
FINCA CUARTA	OUTEIRO-PROENDOS	TEAR	SUAIREXA-FIGUEIROÁ
GUÍMARO	SANMIL-BROSMOS	VAL DA LENDA	CANTON-AMANDI
GULLUFRE	LOBIOS	VIÑA FRIEIRA	VILACHÁ-DOADE

CATA DE VIÑOS

Cun xurado profesional integrado por membros da Federación Española de Enólogos, celébrase unha precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entregaranse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2024, un premio para viños brancos da anada de 2024, un premio para viños rosados da anada 2024, un premio para viños tintos de anadas anteriores a 2024, e un premio para viños envellecidos en barrica.

Organiza: Vinosacra.

PREGOEIRA

Lucía Pérez leva máis de 20 anos de carreira, ten sete discos publicados e foi representante de España no Festival de Eurovisión e en Viña del Mar. É unha artista moi recoñecida en Galicia, así como a nivel nacional e internacional grazas aos numerosos concertos que ten realizado ao longo da súa carreira e á súa presenza destacada na televisión. Un rostro coñecido para todos os galegos e galegas e unha cantante próxima e moi querida polo público.



CONCELLO INVITADO

O Concello do Incio atópase situado no sur da provincia de Lugo, nunha zona de transición entre a Depresión de Monforte e a Serra do Courel. Pertence á Comarca lucense de Sarria e ao Destino Courel. Conta cun extenso patrimonio natural e cultural e con numerosos recursos turísticos que o converte nun espazo único e de referencia a nivel galego. Entre os seus tesouros, a única igrexa románica de mármore de toda España, a igrexa de San Pedro Fiz.

XLV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI



galicia



CONCELLO DE SOBER



DEPUTACIÓN DE LUGO



SOBER 11, 12 E 13 DE ABRIL DE 2025

Festa de Interese Turístico / www.concellodesober.com



Consorcio de Turismo



ARTESANÍA DE GALICIA



GADIS



ABANCA

Mes do Amandi

Sábado 15 de marzo:

-Ás 12.00 horas na Capela de Portabrosmos. Presentación do cartel da XLV Feira do Viño de Amandi, xunto coa programación de actos do Mes do Amandi e da Feira.

Sábado 15 de marzo:

-Ás 19.00 no Centro Sociocultural de Sober Cine-concerto, Sete oportunidades de Buster Keaton coa música en directo de CASPERVEK. Organiza. Sociedad Filarmónica de Monforte. (75 aniversario).

Martes 18 de marzo:

-Ás 18.00 horas na Biblioteca Pública Municipal. Presentación do poemario MALOMA de José Carlos López Valcárcel. Organiza: Club de Lectura Pintor de Castinandi.

Xoves 20 de marzo:

- De 12.30 a 14.30 horas na Escola de Hostalería de Rosende, Xornada de Maridaxe: Viño de Amandi con produtos de OVICA (Ovino e Caprino de Galicia). Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e OVICA.

Venres 21 de marzo:

-Ás 17.30 horas os participantes nas Merendas con Contos visitarán viñedos de Viticultores do Amandi.

Sábado 22 de marzo:

Ás 19.30 horas no Centro Sociocultural, proxección de 48 de Susana Sousa Dias, dentro da Primeira Mostra de Cinema Português na Ribeira Sacra, VENDAVAL, edición de Primavera.

Domingo 23 de marzo:

Circuíto Comarcal de Cross escolar. Carreira de Sober, entre a Travesía de Belán e a Rúa de Canabal. Programa Xogade da Xunta de Galicia.

Xoves 27 de marzo:

- Ás 12.00 horas inauguración da Rúa Maruja Mallo, coa intervención do profesor Emilio Insua e o xornalista Ángel Árnaiz. Rúa do CEIP Virxe do Carme.

Xoves 27 de marzo:

- Ás 19.30 horas no Centro Sociocultural Círculo de Benestar. Sesión 1: Autocoñecemento Emocional, impartido pola Educadora Social Paula Santos.

Venres 28 de marzo:

- De 11.00 a 14.00 horas en Solpor Camperpark (Pacios de Bolmente), Diversificar para expandir e diferenciar un negocio turístico na Ribeira Sacra. Organiza: Polo de Emprendemento Ribeira Sacra

Venres 28 de marzo:

-De 16.30 a 18.00 horas nas Merendas con contos da Biblioteca Publica Municipal, OBRADOIRO: Conectando en igualdade: iguais nos contos?, impartido pola Educadora Social Paula Santos.

Martes 1 de abril:

-Ás 12.00 horas na Escola de Hostalería de Rosende. Xornada técnica e cata comparativa de viños Mencía de diferentes D.O. Dirixe: Alfonso Losada Quiroga.

Martes 8 de abril:

-De 10.00 a 14.00 horas no Centro Sociocultural de Sober 'IV Concurso de Cata por Parellas'. Organiza: Escola de Hostalería de Rosende.

Sábado 12 de abril:

-Ás 19.00 horas no Hotel Aurea Palacio de Sober: Concerto Á luz das candeas.

OUTRAS ACTIVIDADES

Encontro Nacional Emprendedores Creativos.

Do 11 ao 13 de Abril: Encontro Nacional de Emprendedores Creativos na Ribeira Sacra. Hotel Aurea Palacio de Sober e Parador de Turismo de Monforte. Organiza: España Creativa.

Asamblea Nacional da Federación Española de Enólogos.

Do 11 ao 13 de Abril no Hotel Aurea Palacio de Sober. Organiza: FEAE (Federación Española de Enólogos).

Taller de campo

Do 14 ao 16 de marzo na Casa Grande de Rosende realizárase o Taller de Campo: Inspirar. Filmar. Expirar. "La aventura de habitar lo filmado" con **OSKAR ALEGRIA**. Organiza: La Plantación

Exposicións

Do 20 de marzo ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados do concurso de carteis da XLV Feira do Viño de Amandi.

Programa de Actos

Venres 11 de Abril

-Ás 19.30 horas: Inauguración a cargo da **Adega Cividade** de Outeiro-Bolmente, en lembranza de José Veroa Rodríguez.

-Ás 20.00 horas: Actuación da **batucada X de L**.

-As 22.30: Actuación de **Louband**.

Sábado 12 de Abril

-Ás 11.00 horas: Apertura de stands.

-Ás 11.30 horas: Actuación dun Grupo de Música Tradicional, a través do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

-Ás 12.30 horas: Actuación da **Banda de Música de Sober**.

-Ás 17.00 horas: Comezo da Precata Oficial.

-Ás 18.30 horas: Actuación da **Batukada Baturruca**.

-Ás 21.30 horas: Actuación de **Lucía Pérez**.

-Ás 23.00 horas: Actuación de **Gin Toni's**.

Domingo 13 de Abril

-Ás 10.45 horas: Actuación da **Charanga NBA**.

-Ás 11.00 horas: Pasarrúas coa **Banda de Música de Sober**.

-As 11.15hora: Actuación da **Batukada Tukupá**.

Ás 11.30 horas: Comezo da Cata Final Oficial.

Ás 11.30 horas: Misa Solemne coa Bendición de Ramos, na Igrexa de Sober.

-As 12.00 horas: Animación de rúa cunha selección de **Tunas de Madrid**.

-Ás 12.30 horas: Recepción de autoridades na Casa do Concello.

-Ás 13.00 horas: Pregón a cargo da cantante do Incio **Lucía Pérez**.

-Ás 13.30 horas: Entrega de Premios.

-Ás 17.30 horas: Actuación da **Charanga NBA**

-Ás 18.00 horas: Actuación de **Gaitukada Aikirindo**.

-Ás 19.30 horas: Baile coa orquestra **Los Satélites**.

**¡ Vén a Sober !
¡ Goza do Amandi !**